

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA
ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA E O CONCELLO DE LUGO PARA A
CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SAN FROILÁN 2016

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar co Concello de Lugo e Abanca Corporación Bancaria S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto:**

Establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e o concello de Lugo, para o apoio á celebración das Festas de San Froilán 2016, este evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que esta teña unha incidencia directa na divulgación da oferta turística galega, vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país, impulsando así a mellora económica do sector.

As festas do San Froilán, son o resultado de dúas tradicións históricas de orixe diferente pero que desde mediados do século XIX camiñaron xuntas. A festa (relixiosa e profana) e a feira.

Os oficios sagrados en memoria e honra de San Froilán, son, posiblemente, de orixe medieval. A igrexa lucense, no século XVII, dignificou o culto a San Froilán, considerado patrono da Cidade. Estableceuse a súa festa relixiosa como obrigatoria

Según a documentación lucense dos séculos XVII e XVIII a cofradía organizaba os actos que eran financiados polo “concejo” e o cabildo catedralicio. Consistirán en destilfes de agrupacións gremiais, procesións solemnes, espectáculos taurinos, pirotécnicos, comedias...



O primeiro venres de cada mes celebrábase unha feira que asistían multitude de labregos, gandeiros e tratantes e no mes de outubro coincidía coas festas do santo.

Nos anos 60 do século XIX, as funcións e celebracións relixiosas van perdendo relevancia e adquiren notoriedade as laicas

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que o concello de Lugo, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ten competencias en materia de turismo, realizando para iso diversas actuacións entre as que cabe destacar a Festa de San Froilán, declarada de interese turístico nacional no ano 2006.

A Festa de San Froilán ten 250 anos de antigüidade, a afluencia de visitantes increméntase cada ano e supera os 400.000 e son unha das citas festivas máis importantes de Galicia. A celebración ten lugar a primeira quincena de outubro, inicialmente eran feiras preparatorias para entrar no tempo do inverno, así dáse grande importancia á gastronomía cunha ampla variedade de postos que ofrecen os produtos máis representativos de Galicia.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Todo isto, englobase ademais no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia, no seu programa 761A. “Coordinación e difusión do turismo”



Terceiro.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Cuarto .- Que dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinto.- Que co obxecto de promover a imaxe de Galicia, a Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e o concello de Lugo consideran esencial colaborar na celebración da Festa de San Froilán 2016, posto que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada polas partes e con beneficios conxuntos e que está definida para acadar o obxectivo de promover o turismo na Comunidade Autónoma de Galicia a través do apoio a este evento.

Sexto.- Que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 figura a aplicación 04.A2.761A.760.3,” Fomento do turismo das entidades locais” código de proxecto 2015 00006 dotada con fondos propios da comunidade autónoma. Con cargo a esta aplicación, a achega da colaboración económica da Axencia Turismo de Galicia para a realización das actuacións establecidas no convenio será de quince mil euros (15.000.-€).

Séptimo.- Que ABANCA se compromete a colaborar economicamente no desenvolvemento da Festa de San Froilán mediante unha achega de 5.000.-€.



Oitavo.-Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción deste convenio, de acordo coas seguintes

Noveno.- A través deste convenio, outórgase ao Concello de Lugo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A directora da Axencia de Turismo de Galicia

M^a Nava Castro Domínguez

